



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN “ERGUETE” PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE INCORPORACIÓN SOCIAL A PACIENTES CON TRASTORNOS ADICTIVOS. PROGRAMA DE ATENCIÓN XURÍDICO SOCIAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou o día 08.03.2016 coa Asociación “Érguete” de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31.12.2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O desenvolvemento, por parte da asociación “Érguete” de Vigo, de programas de incorporación social de trastornos adictivos, sendo a devandita entidade a responsable técnica e administrativa de xestión do programa obxecto deste convenio.

Desenvolveranse programas no ámbito da incorporación social a través do Programa de Atención Xurídico Social (PAXS). O dito programa deberá ser dirixido á atención integral das persoas con trastornos adictivos e problemática legal engadida, prestando axuda técnica a xuíces e fiscais sobre a realidade social e persoal, así como ao persoal asistencial e familias.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, a través da Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial é a responsable de coordinar a elaboración dos obxectivos de incorporación social, asumindo as funcións que se lle asignan ao Comisionado do Plan de Galicia





sobre Drogas no Decreto 254/1997, do 10 de setembro, polo que se procede á creación do Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas, así como de colaborar na implantación e seguimento de programas de reinserción de pacientes drogodependentes que se leven a cabo na Comunidade Autónoma.

A asociación “Érguete” de Vigo é unha entidade privada sen ánimo de lucro que desenvolve programas de incorporación social de drogodependencias prioritariamente nos ámbitos social, xurídico e laboral.

Dada a especificidade técnica que requiren os devanditos programas de carácter sociosanitario e incorporación social, así como as actuacións que desenvolve a entidade no relativo á programación, coordinación, execución e avaliación das distintas accións e a prioridade de darlle continuidade aos programas que se desenvolven a través da rede de incorporación social do Plan de Galicia sobre Drogas obxecto do convenio, non é posible promover concorrencia pública, de conformidade co previsto nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En consecuencia, dadas as razóns de interese público que constitúe o obxecto do convenio, o importe deste foi consignado nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2016 de acordo co previsto nos artigos 19.4 a) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na lexislación vixente en materia de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

